

municipal integrada na rede galega de Escolas infantíns (0-3/GALESCOLA).

Inclúe todo tipo de gastos: seguros, transportes, embalaxe, montaxe, homologación técnica e toda-las tarefas que inciden no proceso de instalación e posta en funcionamento do diferente material obxecto do suministro e cantos se deriven do cumprimento do contrato, así como os impostor de cualquier esfera fiscal, incluído o I.V.E.

5. Garantías.
 - a) Provisional: 2% do importe de licitación (1.483, 70 euros).
 - b) Definitiva: 4% do importe de licitación.
6. Obtención de documentación e información.
 - a) Entidad: Concello de Gondomar.
 - b) Domicilio: Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
 - c) Localidad e código postal: Gondomar.36380
 - d) Teléfono: 986-360125 /360250.
 - e) Telefax: 986-360875
 - f) Data límite de obtención de documentos e información: o día anterior o de remate do prazo de presentación de ofertas.
7. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.
 - a) Data límite de presentación: cuando se cumplan 8 días naturais seguintes á publicación do anuncio último en calquera dos diarios oficiais (Boletín Oficial da Provincia e Diario Oficial de Galicia-contados a partir da derradeira publicación).
 - b) Documentación que integrará as ofertas: a que figuran no prego de cláusulas administrativas particulares.
 - c) Lugar de presentación:
 - 1ª Entidad: Concello de Gondomar.
 - 2ª Domicilio: Dr. Latino Salgueiro
 - 3ª Localidad e código postal: Gondomar. 36380
 - d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta (concurso): Tres meses a partir da apertura das ofertas.
8. Apertura das ofertas:
 - a) Entidade: Concello de Gondomar
 - b) Domicilio: Dr. Latino Salgueiro núm. 1
 - c) Localidade: Gondomar.
 - d) Data: O quinto día hábil seguinte ó de remate do prazo de presentación de proposicións, agás sábados.
 - e) Hora: 13,00 horas.
9. Gastos de anuncios.

Por conta do adxudicatario

Gondomar, 18 de decembro de 2007.—O Alcalde, Xose Antonio Arauxo Quintas. **2007012261**

* * *

MOAÑA

A N U N C I O

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre bens inmobles deste Concello de Moaña.

Elevado a definitivo por non terse presentado reclamacións no período de exposición pública, o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria que tivo lugar o día 25 de outubro de 2007, polo que se aprobaba inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora Reguladora do Imposto sobre bens inmobles do Concello de Moaña, e, en cumprimento do disposto na normativa vixente, procédese a publicación do texto íntegro da Ordenanza Fiscal Reguladora Reguladora do Imposto sobre bens inmobles deste Concello de Moaña, modificación incluída.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

ARTIGO 1º.-COTA TRIBUTARIA

A cota íntegra deste imposto será o resultado da aplicación á base liquidable dos tipos de gravame recollidos neste artigo:

- 1.-O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens de natureza urbana queda fixado no 0,4 %.
- 2.-O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens de natureza rústica queda fixado no 0,3%.

ARTIGO 2º.-BONIFICACIÓN PARA INMOBLES QUE CONSTITÚAN O OBXECTO DE EMPRESAS DE URBANIZACIÓN, CONSTRUCCIÓN OU PROMOCIÓN INMOBILIARIA

1) Terán dereito a unha bonificación do 90% na cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polo interesado antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado. O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá desde o período impositivo seguinte a aquel no que se inicien as obras ata o posterior á terminación das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos.

2) Para o disfrute desta bonificación, os interesados deberán presentar escrito dirixido ao Alcalde-Presidente do Concello de Moaña durante o ano correspondente ao inicio das obras, debendo achegar a seguinte documentación:

-Copia do recibo do Imposto sobre Bens Inmobles, correspondente ao inmovible ao que se refire a solicitude de exención. No caso de que non se dispoña do mesmo, certificación expedida pola Xerencia do Catastro na que se faga constar a referencia catastral do referido inmovible.

-Certificado da concesión da preceptiva licenza municipal que autorice a realización das obras.

-Certificación do técnico-director das obras de construción, visado polo Colexio Oficial competente, no que se indique a data de inicio das obras.

-Documentación que acredite que o inmovible para o que se solicita a bonificación non figura entre os bens do inmovilizado da empresa: cédula de cualificación provisional, no caso de vivendas de protección oficial, fotocopia do derradeiro balance de situación presentado ante Facenda ou certificación do censor xurado de contas, no que se faga constar tal circunstancia.

-Documentación pola que se acredite que os inmobles aos que afectan as obras constitúe o obxecto da empresa de urbanización, construción ou promoción inmobiliaria: fotocopia dos estatutos sociais ou fotocopia da declaración de alta no Imposto sobre Actividades Económicas.

3) Á vista da documentación presentada, o Concello de Moaña trasladará a solicitude á ORAL que ditará resolución concedendo ou denegando a bonificación solicitada. A bonificación concedida só surtirá efectos para o período seguinte ao inicio das obras, debendo solicitarse expresamente a súa prórroga para os dous períodos impositivos seguintes, achegando a documentación que acredite que se seguen a cumprir os requisitos establecidos anteriormente. En calquera caso, a presentación da solicitude fóra do prazo establecido no apartado 2, dará lugar á inadmisión da mesma e a conseguinte denegación da bonificación.

ARTIGO 3º.-BONIFICACIÓN A VIVENDAS PROTEXIDAS

Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ao do outorgamento da cualificación definitiva, as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme a normativa da Comunidade Autónoma. Dita bonificación concederase a petición do interesado e poderá efectuarse en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración da mesma e surtirá efectos, no seu caso, desde o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite. Unha vez esgotada a bonifica-

ción do 50%, estas vivendas gozarán durante tres exercicios máis dunha bonificación do 45% da cota íntegra.

ARTIGO 4º.-BONIFICACIÓN A FAMILIAS NUMEROSAS

Terán dereito a unha bonificación do 90% da cota íntegra do imposto os suxeitos pasivos –pai, nai ou tutor- titulares de familia numerosa, relativa á vivenda que constituía a residencia habitual da familia e sempre e cando cumplan a seguinte condición:

Contar con ingresos brutos anuais no exercicio da solicitude inferiores a 5.000,00 euros per capita.

Para a determinación dos ingresos brutos anuais per capita, aos exclusivos efectos desta bonificación, dividiranse os ingresos brutos computables a efectos do IRPF de todos os membros da familia entre o número daqueles. En casos excepcionais por razón de minusvalía, de familias numerosas con dous fillos, computaranse tres fillos en lugar de dous a efectos do cálculo do rendimento bruto per capita.

Esta bonificación concederáse para cada exercicio, debendo solicitála os suxeitos pasivos antes do 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos, e aportando os seguintes documentos:

-Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos a bonificación.

-Declaración do IRPF dos integrantes da familia: no caso de que calquera ou todos os integrantes da familia non formulasen declaración do IRPF, poñeráse de manifesto esta circunstancia na solicitude e autorizaráse ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos da AEAT.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Con efectos exclusivos para o período impositivo correspondente ao ano 2008, o prazo previsto no artigo 4º para a presentación da solicitude de bonificación para os bens inmoables de carácter residencial que constituían a residencia habitual do titular dunha familia numerosa, amplíase ata o 31 de marzo de 2008. As solicitudes presentadas fóra dese prazo serán inadmitidas e darán lugar á conseguinte denegación da bonificación instada.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Coa entrada en vigor desta ordenanza queda derogada a anterior Ordenanza Fiscal aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación en data 29 de decembro de 2000, e todas as disposicións municipais que a contradigan.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor a partir da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Moaña, 24 de decembro de 2007.—O Alcalde, Xosé Manuel Millán Otero. 2007012319

* * *

TOMIÑO

Anuncio de licitación

XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DOMICILIARIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E O SEU TRANSPORTE A PLANTA DE TRANSFERENCIA E A LIMPEZA VIARIA NO CONCELLO DE TOMIÑO (PONTEVEDRA).

Aprobado polo Concello Pleno o 17 de decembro de 2007 os pregos de prescricións técnicas, económicas e administrativas que rexerán no concurso por procedemento aberto (tramitación urxente) para a contratación por concesión administrativa do servizo que se indica no punto 2, expóñense ao público polo prazo dos oito días naturais seguintes ao da derradeira publicación deste anuncio (BOP ou DOG). Simultaneamente anúnciase o concurso para a presentación de propostas, podendo aprazarse a licitación no caso de que se formulen reclamacións.

1. *Entidade adxudicadora.* O Concello Pleno. Dependencia que tramita Secretaría.

2. *Obxecto e duración do contrato.* Obxecto: xestión do servizo de recollida domiciliar de residuos sólidos urbanos e o seu transporte á planta de transferencia e a limpeza viaria no Concello de Tomiño. Duración: Once anos, con posibilidade de prórrogas anuais, ate o máximo de vintedous anos.

3. *Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.* Tramitación: urxente. Procedemento: aberto. Forma: concurso.

4. *Orzamento base de licitación:* 330.000,00 €/ano (IVE incluído).

5. *Ofertas:* Se realizará de conformidade coas cláusulas recollidas nos Pregos de Condicións.

6. *Requisitos específicos do contratista:* Clasificación: Grupo R, Subgrupo 5, categoría C e os restantes do Prego de Condicións.

7. *Garantías:* Provisional: 50.000,00 €. Definitiva: 100.000,00 €.

8. *Obtención da documentación e información.* Secretaría do Concello, praza do Seixo, 36740 Tomiño; teléfono 986 622 001 / fax 986 622 530, correo electrónico: medioambiente@concellotomiño.com, ata o día anterior ó do remate de presentación de proposicións.

9. *Presentación das ofertas.* Prazo: 13 días naturais seguintes ao da última publicación deste anuncio (BOP ou DOG). Se este día fose inhábil entenderase prorrogado ao seguinte día hábil. Documentación: A esixida no prego. Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Tomiño.

10. *Apertura das ofertas.* Na Casa do Concello e de conformidade co establecido no prego.

Tomiño, a 19 de decembro de 2007.—A Alcaldesa, Sandra González Vicente. 2007012215

* * *

O ROSAL

EDICTO

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello en sesión ordinaria do día 1 de decembro de 2007, o Orzamento Municipal para o exercicio 2008 expónse ó público durante o prazo de quince días, a fin de que os interesados poidan examinalo e presentar as reclamacións ante o Pleno, conforme o artigo 169 do R.D Lexislativo 2/2004, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O Rosal, a 1 de decembro de 2007.—O Alcalde, Jesús María Fernández Portela. 2007012168



Deputación Provincial

ANUNCIO

Acuerdo del Pleno de 30 de noviembre de 2007

El Pleno de la Excm. Diputación Provincial de Pontevedra, en la sesión ordinaria celebrada el día 30 de noviembre de 2007, acordó aprobar técnicamente el proyecto “Terminación ensanche E.P. 0018 Xeve-Amil-Espedregueira”, con un presupuesto para conocimiento de la Administración de 331.964,74 euros, e incluírlo en el Plan de Vías Provinciales período 2007-2011.

Es por ello que el citado proyecto queda expuesto al público durante un plazo de quince días hábiles a contar desde el siguiente al de la publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, a efectos de reclamaciones, transcurrido el cual sin que éstas se produjesen se considerará definitivamente aprobado.

Pontevedra, a 19 de diciembre de 2007.—El Presidente, ilegible.—El Secretario, ilegible. 2007012277